

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS
DE CEMITERIO MUNICIPAL**

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito imponible desta Taxa, a prestación dos servizos do Cemiterio Municipal, tales como: asignación de espazos para enterramentos, permisos de construción de panteóns ou sepulturas, ocupación dos mesmos, redución, incineración, movemento e colocación de lápidas, enreixados e adornos, conservación dos espazos destinados ao descanso dos defuntos, e calquera outros que, de conformidade co previsto no Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria sexan procedentes ou se autoricen a instancia de parte.

ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos contribuíntes por esta Taxa as persoas físicas ou xurídicas e entidades a que alude o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, que resulten beneficiados dos servizos enumerados no artigo 1 deste texto.

ARTIGO 3. RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades mailos síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4. COTAS TRIBUTARIAS.

A cota desta Taxa será esixida en función do seguinte cadro de Tarifas:

<i>CONCEPTOS</i>	<i>CONTÍA EUROS</i>
TARIFAS:	
1. Concesión de sepulturas por período de 50 anos:	
a) Nichos construídos polo concello: Panteón de tres nichos e un cinceiro	2.561,81
b) Sepulturas para a construción polos particulares: Panteón de tres nichos e un cinceiro	614,55
2. Outros servizos:	
Por licencia de enterramento	78,81
Por licencia de apertura e prestación de servizos para traslados	78,81
Por traspaso de propiedade	197,06

ARTIGO 5. EXENCIONS E BONIFICACIONES.

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de:

- Os enterramentos dos asilados procedentes da Beneficencia, sempre que a condución se verifique pola conta dos establecementos mencionados e sen ningunha pompa fúnebre que sexa custeada pola familia dos falecidos.
- Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.
- As inhumacións que ordene a Autoridade xudicial e que se efectúen na fosa común.

ARTIGO 6. DEVENGO

Debéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se principie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose, a estes efectos, que dita iniciación se produce no momento da presentación da correspondente solicitude.

***ARTIGO 7. DECLARACION E INGRESO.***

1. Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos dos que se trate. A solicitude de permiso para construción de mausoleos e panteóns irá acompañada do correspondente proxecto e memoria, autorizados por facultativo competente.

2. Cada servizo será obxecto de liquidación individual e autónoma, que será ingresada no momento da presentación da solicitude correspondente.

ARTIGO 8.

Prohíbese terminantemente a concesión a perpetuidade de nichos e cinceiros de propiedade municipal.

ARTIGO 9. INFRACCIONS E SANCIONS

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas calificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAIS.

1. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.
2. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.